


## CULTURA Y TV

# Euloxio Ruibal é o novo presidente dos escritores en lingua galega

la voz | santiago

O dramaturgo compostelano Euloxio Ruibal é o novo presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega. A elección, que foi por unanimidade, dos asistentes a asemblea xeral celebrada no Museo do Pobo Galego, prodúcese ó rematar o mandato que desempeñou ó longo do último ano o escritor Bernardino Graña, que por motivos de saúde non optou á reelección.

A asemblea ratificou nos seus cargos a Carlos López Bernárdez como vicepresidente e a Yolanda Castaño como secretaria xeral, así como ós vocais Cesáreo Sánchez, Rafa Villar, Marta Dacosta e Marica Campo. Neste sector incorpóranse dous novos membros, un pola baixa de Xosé Francisco Fernández Naval, que cubre Rosa Aneiros, e outro polo incremento dun posto máis, ó que se incorpora Henrique Rabuñal. A asemblea acordou nomear membros de honra da entidade a Bernardino Graña, Manuel María e María Xosé Queizán, en recoñecemento da súa contribución e fidelidade. A directiva deu conta das actividades, entre as que destaca o contar por primeira vez cun local propio, no edificio dos sindicatos da Coruña, e un aumento no número de asociados que xa superan os 220. A mellora económica por mor do incremento de cotas vailles permitir en breve contratar a unha persoa a tempo parcial.



LA VOZ DE GALICIA, S.A. se reserva todos los derechos como autor colectivo de este periódico y, al amparo del art. 32.1 de la Ley de Propiedad Intelectual, expresamente se opone a la consideración como citas de las reproducciones periódicas efectuadas en forma de reseñas o revista de prensa. Sin la previa autorización por escrito de la sociedad editora, esta publicación no puede ser, ni en todo ni en parte, reproducida, distribuida, comunicada públicamente, registrada o transmitida por un sistema de recuperación de información, ni tratada o explotada por ningún medio o sistema, sea mecánico, fotoquímico, electrónico, magnético, electro óptico, de fotocopia o cualquier otro en general. M de A Coruña en el Tomo 2.438 del Archivo, Sección General, al folio 92, hoja C-2141. CIF: A 15000649

© Copyright LA VOZ DE GALICIA S.A. Polígono de Sabón, Arteixo, A CORUÑA (España) RM de A Coruña: tomo 2413, folio 84, hoja C-12502. CIF: B-15.482.177